

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DE SERVIZOS DE CARÁCTER DEPORTIVO, RECREATIVO, DE OCIO E TEMPO LIBRE E OUTRAS DE NATUREZA ANALOGA.

(PUBLICADA NO BOP Nº 176 DO 2-08-12)

ARTIGO 1º. Fundamento e natureza.

De conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do Real Decreto legislativo 2/2004. do 05 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a Taxa pola prestación de servicios ou a realización de actividades municipais de carácter deportivo, recreativo, de ocio e tempo libre e outras de natureza análoga.

ARTIGO 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización de actividades e a prestación de servizos de carácter deportivo, recreativo, de ocio e tempo libre e outras de natureza análoga, prestadas no ámbito da competencia municipal, tales como:

- 1º. Actividades culturais: Cursiños e Obradoiros.
- 2º. Actividades deportivas: Cursiños e iniciación e perfeccionamento deportivos.
- 3º. Actividades recreativas, de ocio e tempo libre: Rutas, Excursións, Viaxes e outros itinerarios lúdicos.
- 4º. Calqueira outra actividade cultural, deportiva, de ocio e tempo libre programada polo Concello da Veiga, relacionada con actividades de enseñanza, culturais, deportivas, medio ambiente, turismo, ocupación do ocio e o tempo libre e outras de natureza análoga, para a que non se estipule a gratuidade.

ARTIGO 3º. Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes da taxa as persoas físicas ou xurídicas que o soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas, xa sexa individual ou en representación dunha colectividade, das actividades e dos servizos que se xestionen a través do Concello.

Cando a petición para a participación nas actividades reguladas nesta Ordenanza sexa formulada por un centro de educación, clube ou asociación análoga éstas terán a consideración de suxeito pasivo susbtito.

ARTIGO 4º. Usuarios:

Serán usuarios todas aquelas persoas que participen nas actividades programadas

ARTIGO 5º. Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e jurídicas a que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Cando os usuarios dos servizo sexan menores de idade ou maiores que non teñan capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria os pais, tutores ou calqueira outro representante legal.

#### ARTIGO 6º. Tarifas.

As tarifas que rexerán a taxa das actividades son as seguintes:

##### 1º. Actividades culturais:

1.1. Cursiño de ata 20 horas .....	20,00 euros.
1.2. Cursiño de ata 40 horas .....	30,00 euros.

##### 2º. Actividades Deportivas:

2.1. Cursiños deportivos de ata 20 horas.....	20,00 euros.
2.2. Cursiños deportivos de ata 40 horas.....	30,00 euros.

##### 3º. Actividades recreativas , de ocio e tempo libre:

3.1 ½ día .....	10,00 euros.
3.2 1 día .....	15,00 euros.
3.2 1 hora, 15 Minutos .....	5,00 euros.
3.3. 1 Hora .....	3,00 euros.

En fracción de horas rexirá unha taxa proporcional o importa da hora.

#### ARTIGO 7º. Normas de xestión.

Estos prezos inclúen nos casos das actividades deportivas o monitor, o material preciso para a practica do deporte e o seguro e dá dereito o uso ,de balde , das instalacións e material deportivo municipal.

Estos prezos inclúen , nos casos das actividades lúdicas, de ocio e tempo libre, o guía turística e o seguro e dá dereito ó uso, de balde, das instalacións e material municipal.

Estos prezos inclúen , nos casos das actividades culturais, o monitor da actividade, o seguro e dá dereito ó uso, de balde, das instalacións e material municipal. Non inclúen a adquisición de materiais específicos de traballo .

En aquelas actividades que conleven gastos de transporte fóra do Municipio, manutención ou hospedaxe, estes serán calculados ata cubrir o 100% do custo.

As actividades que conleven un gasto adicional coma entrada ó recinto ou por uso de atraccións, estes serán abonados directamente polo usuario.

A Alcaldía ou a Concellería correspondente poderá determinar a gratuidade das actividades ou cursiños considerados de grande interese social debido as súas características ou o sector poblacional o que vaia dirixido, previo informe do Responsable do Servizo que organice a actividade.

Non obstante estarase ó disposto na programación específica de cada actividade.

#### ARTIGO 8.. Liquidación e ingreso.

Nace a obriga de contribuir desde o momento en que se presente a solicitude do interesado da súa inclusión na actividade. A taxa pagarase cando se confirme a admisión na actividade solicitada.

O pagamento realizarase, por anticipado, mediante abono na entidade bancaria e no prazo e forma que o concello determine.

#### ARTIGO 9.. Devolucións.

En ningún caso se procederá á devolución do importe da taxa a petición do interesado, excepto cando se proceda a anular algunha actividade por motivos organizativos.

A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución ningunha.

#### ARTIGO 10. Exencións e Bonificacións.

Non se concederá exención algunha na exacción da presente taxa.

Poderán gozar dunha bonificación porcentual na cota tributaria os seguintes contribuíntes :

##### I. Para os cursiños culturais e deportivos:

- .-Usuarios empadronados na Veiga ..... -20%.
- .- Usuarios membros da mesma unidade familiar convivencial ..... -10%.
- .- Usuarios inscritos en dos ou máis cursiños simultaneamente.... -10%.

( Estes extremos, que poderán ser acumulativos, deberán acreditarse no momento de facer a correspondente inscrición ).

##### II. Para actividades recreativas, de ocio e tempo libre:

- .- Usuarios empadronados na Veiga. ( Acreditarse coa presentación do DNI no momento de retirar vale pola actividade, debendo figurar o domicilio na Veiga ). ..... - 20%.

As bonificacións previstas neste artigo non serán de aplicación no caso previsto no artigo 6. 3. 2 .

#### ARTIGO 11. Inspeccións, infraccións e sancions.

En todo o relativo a inspeccións, infraccións e sancións estarase ó disposto no previsto na Lei Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 12. Normas complementarias.

Estarase ó disposto na programación específica de cada cursoño ou actividade.

Estarase ó disposto na lexislación tributaria e de réxime local , no non previsto na presente ordenanza.

#### DISPOSICION ADICIONAL.

As tarifas anteriores poderán incrementarse anualmente co IPC.

#### DISPOSICION FINAL UNICA.

A presente ordenanza fiscal será de aplicación o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Veiga, 23 de xullo de 2012.  
El Alcalde,

Asdo.: Edesio Yáñez Gómez